



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E A FUNDACIÓN FEIRAS E EXPOSICIÓN DE OURENSE (EXPOURENSE) PARA A CELEBRACIÓN DA FEIRA INTERNACIONAL DE TURISMO TERMAL, TERMATALIA-BRASIL 2018.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou coa entidade Fundación Feiras e Exposicións de Ourense (Expourense) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2018.

Que o instrumento convencional ten por obxecto o establecemento das condicións para a colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e a Fundación Feiras e Exposicións de Ourense (EXPOURENSE), para a organización e celebración da Feira Internacional do Turismo Termal, "TERMATALIA-BRASIL 2018" do 13 ao 14 de setembro (e o Encontro Internacional sobre Auga e Termalismo desde o 12 ao 14 de setembro).

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- A Axencia Turismo de Galicia, segundo o Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, ten como obxectivo, impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e a ordenación do turismo dentro da comunidade ara lograr esta finalidade a Axencia Turismo de Galicia, acomete no ámbito das súas competencias, un decidido apoio á promoción e fomento do sector turístico de Galicia a través daquelas accións que lle permiten acadar os seus obxectivos.

Segundo.- Galicia e destacadamente Ourense é un referente termal de España, pola cantidade e calidade das súas fontes, das que saen máis de catro millóns de litros diarios de auga termal. A Comunidade Autónoma de Galicia ven implementando un modelo turístico fundamentado na diferenciación, cunha aposta firme polo turismo termal coma un





produto destacado, na procura dunha afluencia sostida de visitantes ao longo do ano que diminúa o grao de estacionalidade do sector, e neste sentido, TERMATALIA da resposta á necesidade de encontro de todos os sectores implicados no sector do termalismo, administracións e axentes privados, erixíndose no foro de coñecemento e análise de necesidades de promoción e de incentivo público e privado da oferta termal galega.

Terceiro.- Que a Fundación Feiras e Exposicións de Ourense, entidade sen ánimo de lucro tal e como establece o artigo 4 dos seus estatutos, é a única organizadora de “TERMATALIA-BRASIL 2018”, que é a única Feira Internacional do Turismo Termal que se celebra no mundo que reúne ao sector procedente de Europa e América convertida nun referente tanto europeo coma latinoamericano para os profesionais deste ámbito, e que se posiciona como o centro de negocios e intercambio de coñecemento máis adecuado para a presentación e expansión de todos os produtos vencellados ao turismo termal a nivel internacional.

Cuarto.- Co obxecto de reforzar o posicionamento de Galicia como destino líder en Turismo Termal, xa que as instalacións para o turismo de saúde fan deste sector un dous produtos turísticos estrela, a Axencia Turismo de Galicia colaborará coa Fundación Feiras e Exposicións de Ourense na organización de TERMATALIA-BRASIL 2018, feira internacional dedicada ao turismo termal organizada por Expourense.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela

A xerente de Turismo de Galicia

M^a Elena Barca Ramos

